

# **SOLICITUDE ORGANIZACIÓN COMPETICIONS**

**FEDERACIÓN GALEGA  
PIRAGUISMO**

**TEMPADA 2024**

# INFORMACION PARA A ORGANIZACIÓN DE COMPETICIONS DO CALENDARIO OFICIAL E NON OFICIAL DA F.G.P. TEMPADA DEPORTIVA 2024

Destinatarios: Entidades organizadoras ( clubes, concellos,...)

Esta Federación Galega de Piragüismo, pretende confeccionar o calendario e as sedes do ano 2024, cos lugares onde se disputaran as competicións puntuables para as ligas, copas e demais probas oficiais e non oficiais de interese.

Por iso, se algunha entidade está interesada en organizar competicións desta tempada, deberán solicitar a esta Federación a súas propostas de realización, tendo **prazo ata o 31 de Diciembre de 2023**, xa que posteriormente terán que ser aprobadas na assemblea Galega.

Se neste prazo xa se cubrisen o total das competicións puntuables de cada unha das modalidades, todas aquelas solicitadas posteriormente serán desestimadas.

De non ser así, todas aquelas que se soliciten posteriormente a assemblea Galega, terán que ser aprobadas pola Comisión Delegada.

As solicitudes, realizaranse obrigatoriamente no impreso que se adxunta, debendo ser cumprimentados todos os seus apartados.

## 1.- COMPETICIONES OFICIAIS- 2024

Os organizadores de cada unha das competicións das diferentes ligas Galegas, así como do resto de probas non oficiais (amigables) que conforman o calendario de competicións 2024, terán que achegar a esta F.G.P as cantidades que se indican no cadrante adxunto.

A F.G.P farase cargo do pago dos distintos equipos arbitrais e persoal que actúe en cada regata, que comprende montaxe de campo de regatas e xestión da oficina da competición (salvo nas competicións de carácter non oficial/amigables e en ligas provinciais de Lugo, Ourense e Coruña), tendo a obrigaón o organizador de achegar á FGP, previa solicitude, a relación do material necesario para o correcto desenrolo da proba, permisos e demais información relativa a regata **no prazo de vinte días hábiles** con anterioridade a celebración da competición.

A F.G.P tamén subscribirá unha póliza de responsabilidade civil á que se atoparán acollidas todas aquelas competicións oficiais e amigables.

**Os requisitos mínimos que terán que cumprir os organizadores das competicións oficiais son:**

- Motoras con persoal de salvamento en función das directrices que marque a capitania marítima ou o organismo responsable nesa zona, así como embarcación de ciaboga, meta, etc...según necesidade.
- En todas as competicións deberán estar a disposición dos deportistas vestiarios para os mesmos, con duchas e servizos, así como baños públicos para o público asistente.
- Nas competicións de ríos/travesías, descensos, slalom, kaiak de mar, en función dos riscos e dificultades que presente a competición e a súa viabilidade de acceso, é obrigatorio que os organizadores aporte unha embarcación de peche de competición para garantir que ningún participante quede perdido no percorrido.
- As medallas/trofeos a deportistas e clubs deberán ser achegados polo organizador de cada competición, exceptuando probas que tamén esten denominadas Campionatos Galegos.

Os organizadores da competición, agas nos campionatos Galegos, son quen de decidir que categorías das que participan na mesma, puntúan para o trofeo por clubs da súa regata.

- Os organizadores deberán achegar/habilitar un local (un recinto pechado e con acceso/toma a corrente eléctrica) que reúna os requisitos para a realización da oficina da competición, para a xestión dos resultados e reunión do equipo arbitral, así como zona de aparcadoiro delimitada para a FGP, árbitros, ambulancia e clubs.
- Servizos médicos sanitarios (ATS+Auxiliar). Debido ás características das competicións, deberán estar presentes os servizos médicos sanitarios (ATS+ Auxiliar e unha ambulancia) por se xurdise calquera incidencia.
- Enviar á F.G.P percorrido e plano da competición (isto débese enviar cunha antelación dun mes ao prazo de celebración da proba) e tamén un plano de percorrido alternativo en caso de malas condicións meteorolóxicas.
- Achegar á F.G.P, obrigatoriamente, as diferentes autorizacións, capitania, confederación, augas de Galicia, portos, costas..... como mínimo vinte días antes do evento deportivo.
- Indicar as necesidades de material para a organización (aboias, dorsais, pódium, etc..), como mínimo vinte días antes do evento deportivo.

**IMPORTANTE:** Se deberá achegar o cartel da proba **como mínimo 20 días hábiles antes da celebración da mesma cos logos oficiais da federación**. Todos aqueles organizadores que o dexesen, poderán solicitar a FGP a realización do seu cartel sen coste.

**IMPORTANTE:** Todos os premios que se otorguen nas distas regatas, tendrán que ser en igualdade para homes e mulleres.

**IMPORTANTE:**

NO CASO DE QUE O CLUB/ORGANIZADOR NON TEÑA POSIBILIDADE DE TRAMITAR DIRECTAMENTE AS AUTORIZACIONS DA SUA COMPETICIÓN (Capitanía, Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica, etc.....) A FGP PODE ENCARGARSE DESTE ASUNTO SEMPRE E CANDO SE LLE INDIQUE CLARAMENTE NA SOLICITUDE DA COMPETICIÓN ESTO, E SE LLE ACHEGUE TODA A DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FACELO COA ANTERIORIDADE DE 60 DÍAS ANTES DA COMPETICIÓN.

Esta documentación se enviará a F.G.P a través de correo electrónico ou correo postal.

**PARA QUE O EVENTO SEA ENGADIDO DENTRO DO CALENDARIO OFICIAL DE COMPETICIONS DA FGP TERÁN QUE TER REMITIDO EN PRAZO A FOLLA DE SOLICITUDE Á FGP POR MAIL, CON TODOS OS DATOS DEBIDAMENTE CUBERTOS.**

## **2.- PARTICIPACIÓN DAS DISTINTAS CATEGORIAS EN RIOS**

Os organizadores das competicións de ríos/travesías, podrán elixir si incluan a participación da categoría cadete na mesma, e así o terán que indicar cando presenten a solicitude da regata.

Os organizadores de **regatas de NIVEL I** que non incluan a categoría cadete nos ríos, terán 1.000 € do canon para repartir directamente en premios na súa regata. E dicir, dos 6.000 € do canon so se abonarían 5.000 €, tendo os outros 1.000 € para repartir directamente en premios según estipule previamente.

Os organizadores de **regatas de NIVEL II** que non incluan a categoría cadete nos ríos, terán 600 € do canon para repartir directamente en premio na súa regata. E dicir, dos 4.500 € do canon so se abonarían 3.900 €, tendo os outros 600 € para repartir directamente en premios según estipule previamente.

As regatas que deixen de ter a categoría cadete nos ríos, implementariáanse incluíndo esta categoría nas regatas de infantis si procedera.

Tamén se estudiará a posibilidade de que algún solicitante de proba, poida organizar un descenso de ríos/travesías para as categorías de cadetes e infantis, con un percorrido aceptable para estas categorías.

### **3.- COMPETICIONS AMIGABLES-2024**

Os gastos de arbitrase nas competicións de carácter non oficial/amigable deberán ser abonados polo organizador directamente aos mesmos o mesmo día da competición, ao finalizar a mesma.

Lémbrese aos posibles organizadores deste tipo de competicións que esta Federación non realizará, nin autorizará ningún nomeamento nin asistencia arbitral a aquelas competicións que non cumpran os requisitos esixidos e non estean contempladas no calendario da FGP 2024.

Para iso, neste tipo de competicións de carácter non oficial/amigable deberán comunicar a celebración da competición, cunha anterioridade mínima dun mes antes da celebración da mesma, así como cubrir a folia de solicitude e achegar o xustificante de pago da cantidade estipulada de trescentos euros (**300,00 €**). Os gastos de arbitrase son aparte e deberán ser pagados directamente polo organizador.

Todos os trámites e permisos deberán ser solicitados polo organizador da competición e envialos á FGP unha vez esten na seu poder (sempre con anterioridade á celebración da competición).

A F.G.P achegará:

- a) Xestión das inscricións previas na aplicación
- b) Control de licenza das inscricións
- c) Publicación das listaxes de saídas e resultados
- d) Difusión do evento a clubs e páxina web
- e) Proveer de dorsais/adhesivos para identificación dos deportistas
- f) Material para a realización da oficina da competición e arbitral
- g) Convocatoria do Equipo Arbitral

O material específico (boias, pódium, etc...) no caso de que sexan necesarios poderán ser solicitados á FGP e **deberán ser os clubs organizadores os que se despracen á FGP a recoller o mesmo e devolvelo no mesmo estado no que o recollen nun prazo nunca superior a dous días unha vez celebrada a competición.**

**Nestas competicións de carácter AMIGABLE, á FGP non aporta persoal para o desenrolo da mesma (persoal de montaxe da competición nin de xestión da mesma).**

#### 4.- COMPETICIONS LIGAS PROVINCIAIS LUGO

Nas competicións das distintas ligas provinciais de Lugo para realizar o pago de gastos dos árbitros, a Federación achegase unha contía fixa en concepto de axuda por un importe total de 150,00 € por regata.

Todo o que exceda esta cantidade terá que ser abonado polo organizador unha vez sexa emitida e enviada pola FGP a factura coa diferenza.

Lémbrese aos posibles organizadores deste tipo de competicións que esta Federación non realizará, nin autorizará ningún nomeamento nin asistencia arbitral a aquelas competicións que non cumpran os requisitos esixidos e non estean contempladas no calendario da FGP 2024.

Recordamos que o nomeamento do equipo arbitral das competicións e competencia do Comité Galego de Arbitros.

Todos os trámites e permisos deberán ser solicitados polo organizador da competición e envalos á FGP unha vez estea na súa poder (sempre con anterioridade á celebración da competición).

A FGP achegará:

- a) Xestión das inscricións
- b) Control de licenza das inscricións
- c) Publicación das listaxes de saídas e resultados
- d) Difusión do evento a clubs e páxina web
- e) Dorsais/adhesivos para identificación das embarcacións
- f) Material de oficina e arbitral
- g) Convocatoria do Equipo Arbitral

O material específico (boias, pódium, etc...) no caso de que sexa necesario poderá ser solicitado á FGP **e deberán ser os clubs organizadores os que se despracen á FGP a recoller o mesmo e devolvelo no mesmo estado no que o recollen nun prazo nunca superior a dous días unha vez celebrada a competición.**

**Nestas competicións de carácter PROVINCIAL, á FGP non aporta persoal para o desenrolo da mesma (persoal de montaxe da competición nin de xestión da mesma).**

Pontevedra, 20 de novembro de 2023

Vº Bº  
PRESIDENTE

## IMPORTES CANON ORGANIZACIÓN COMPETICIÓNS-2024

TIPO DE COMPETICIÓN	CANON	ESPECIFICACIONES
RIOS/TRAVESÍAS	Grupo 1: 6.000 € + avituallamiento Grupo 2: 4.500 € Grupo 3: 3.000 €	Máximo de 11 competicións
PROMOCIÓN	3.000 €	Máximo de 6 competicións
CAMPIONATOS GALEGOS. (Alevins/Benxamins)	3.000 €	Máximo de 2 competicións
LIGA PROVINCIAL PONTEVEDRA (Alevins/Benxamins)	1.500 €	Máximo de 6 competicións
LIGA PROVINCIAL LUGO	CONVENIO DIPUTACIÓN	Máximo de 6 competicións
LIGA PROVINCIAL DE CORUÑA	CONVENIO DIPUTACIÓN	Máximo de 5 competicións
LIGA PROVINCIAL DE OURENSE	CONVENIO DIPUTACIÓN	Máximo de 5 competicións
KAIK DE MAR/SUP/OC1	1.500 € + medallas/trofeos	Máximo de 6 competicións
SLALOM OLÍMPICO	800 € + medallas/trofeos	Máximo de 5 competicións
PROMOCIÓN SLALOM	600 € + medallas/trofeos	Máximo de 7 competicións
DESCENSO AGUAS BRAVAS	800 € + medallas/trofeos	Máximo de 3 competicións
KAIK POLO	Sen canon (os custos asúmeos o organizador)	Máximo de 6 competicións
AMISTOSAS/NON OFICIAIS	350 € + custos arbitrase e trofeos/medallas.	Sen número máximo de solicitudes

Pontevedra, 20 de novembro de 2023

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

## IMPRESO SOLICITUDE ORGANIZACIÓN COMPETICIONS 2024

Entidad organizadora / solicitante	
CIF	
Dirección Postal	
C.P. e Provincia	
Datos para facturación.	
Persoa e teléfono de contacto	
<b>COMPETICIÓN SOLICITADA</b>	
Liga	
Indicar grupo 1, 2 ó 3 (si é de ríos)	
Lugar celebración	
Data proposta	
Hora prevista celebración	
Oficial ou Amigable	
Cantidad a abonar á FGP (según canon da tabla)	
Calquer outra característica/información que considere de interés:	
Calquer aportación de interés a competición (camisetas, bocadillos, etc):	

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_  
(sinatura e selo)